



## A QUEN QUERE ENGANAR SR. CASAL?

Sr. Casal, na APDR vémonos na obriga de dar resposta ao seu artigo “Os datos non minten” publicado no Diario de Pontevedra do pasado 20 de febreiro, un artigo cheo de falsidades e co que pretende desprestixiar á nosa asociación.

Vaia por diante Sr. Casal que nin a min nin á APDR nos move ningún interese político e que tampouco traballamos ao servizo de ningunha organización política; sinceramente, di moi pouco ao seu favor que utilice argumentos tan falsos e puerís para tentar desautorizar a unha organización como a que hoxe presido, que goza dun prestixio e apoio social na comarca que xa lle gustaría ter á empresa que Vde. dirixe. Pero saiba Vde., Sr Casal, que esas falsidades non as cre ninguén que sexa medianamente obxectivo; que quen nos coñece sabe da nosa independencia e do noso traballo rigoroso a prol do saneamento e recuperación da Ría e, xa que logo, pola desaparición do complexo ENCE-ELNOSA do seu actual emprazamento.

Cando di Vde. que “maquillamos” os datos, semella non ter lido o artigo ao que fai referencia; de telo lido, teríase decatado de que nunca dixemos que ENCE teña 250 empregos directos como di Vde.; dixemos que ten 238 empregos na fábrica, e NON SON DATOS NOSOS, facemos referencia aos datos aportados polo comité de empresa que foron corroborados coa elección de 9 delegados o pasado día 19. E falamos de tendencia á baixa, tendencia que se confirma hoxe coa noticia de novos despedimentos en próximas datas. Diciamos daquela –e mantemos hoxe- que se ENCE mente ao dar o dato dos empregos directos, como imos crer o dato dos 5.048 postos de traballo creados en toda Galiza, un dato moito máis difícil de comprobar por calquera. E resulta evidente tamén para calquera, que ENCE non ten eliminado os fedorentos cheiros. E ámbolos feitos (destrución de emprego e cheiro) son irrefutábeis, por máis que Vde. se empeñe en dicir o contrario. E resulta curioso que pretenda xustificar a súa falsidade en datos dun informe da consultora KPMG, que se de algo adocece é de imparcialidade. E non o dicimos nós, é a propia consultora a que di que “os datos foron facilitados por ENCE” e que “a súa veracidade ou non é responsabilidade de ENCE”. Quen conta as “bondades” de ENCE, Sr. Casal, KPMG ou a propia ENCE? Sen comentarios!

E insiste Vde. en confundir á sociedade ao descualificar uns supostos datos da APDR sobre a contaminación de ENCE. Sr. Casal, ESES DATOS QUE VDE. DI QUE DIFUNDE A APDR SON OS MESMOS DATOS QUE ENCE ENVÍA Á XUNTA DE GALICIA, eses datos auditados por entidades públicas, auditoras e laboratorios acreditados. E eses datos, din claramente que no ano 2013 os vertidos de ENCE superaron en multitude de ocasións os valores legais establecidos na lexislación española e europea, moi especialmente no caso da Demanda Química de Osíxeno (DQO), parámetro que Vde. considera o máis importante na calidade dun efluente líquido e para o que a lexislación fixa un límite de 125 mg/L; e o mesmo sucede –aínda que en menor medida- para Sólidos en Suspensión e Demanda Biolóxica de Osíxeno. En efecto, Sr. Casal, os datos non menten!

E poida que alguén se pregunte: se isto é certo, porqué o permite a Xunta? Pois está ben claro; existe unha enorme conivencia entre a Xunta e a empresa! aquí si que parece haber unha relación de servizo, Sr Casal; todo indica que existe unha administración ao servizo de ENCE; unha administración que confeccionou unha Autorización Ambiental á carta para a empresa pasteira de Lourizán e que pretende consolidar o complexo ENCE-ELNOSA mais aló do 2018.

Pola Asociación Pola Defensa da Ría,  
Asdo.: Antón Masa